

S SEREAS

“as mulleres do mar”



A INDUSTRIA PESQUEIRA E CONSERVEIRA NAS RÍAS BAIXAS EN CLAVE DE XÉNERO



Fundación Clúster de Conservación
de Productos del Mar

FUNDAMAR
Fundación para la Pesca y el Marisqueo



Deputación
Pontevedra

TÍTULO: A INDUSTRIA PESQUEIRA E CONSERVEIRA NAS RÍAS BAIXAS EN CLAVE DE XÉNERO

Edición: **SEREAS “AS MULLERES DO MAR”**

Fundación para la Pesca y Marisqueo – **FUNDAMAR**

Fundación Clúster de Conservación de Productos del Mar – **FUNPROMAR**

Financiado por: **Deputación de Pontevedra**

Deseño e maquetación:

Peixe Globo Ideas S.L.

www.peixeglobo.com

info@peixeglobo.com

Autores / Colaboradores:

Paula Castro Sobral

Revisión Lingüística: **Begoña Méndez Vázquez**

Gabinete lingüístico de CCOO Galicia



SEREAS

“as mulleres do mar”



Índice

Introdución.....	1
Metodoloxía.....	3
Obxectivos.....	4
Marco teórico.....	5
Aproximación á historia do traballo feminino.....	5
O nacemento da industria e evolución.....	7
A realidade feminina.....	9
O proceso produtivo: a vida na cadea de montaxe.....	16
O marco legal.....	18
As mulleres, o mar e o franquismo.....	20
Unha ollada ao seu patrimonio material e inmaterial.....	24
A chegada dos cambios.....	27
Conclusións.....	35
Bibliografía.....	37



SEREAS

“as mulleres do mar”



Introdución

Esta proposta didáctica, concibida no marco do proxecto Estadía SEREAS 2025, ten como obxectivo principal visibilizar e poñer en valor o papel fundamental das mulleres nos oficios marítimos e na industria conserveira das Rías Baixas entre 1939 e 1975. Partindo da invisibilización histórica das achegas femininas, este traballo busca contribuír a unha educación crítica, integradora e equitativa, así como promover unha revisión do relato tradicional para incluír as voces que foron sistematicamente silenciadas.

A proposta está dirixida ao alumnado de 4.º da ESO de Xeografía e Historia e xustifícase pola necesidade de abordar temáticas pouco exploradas no currículo actual, achegando exemplos concretos e próximos á realidade do estudantado. Inspirada na pedagogía crítica de autores como Paulo Freire e na filosofía de John Dewey, a iniciativa defende a educación como un medio de transformación social e a aprendizaxe como un proceso que debe vincularse directamente á contorna inmediata do alumnado. Deste xeito, a historia local convértese nunha ferramenta para a construción da identidade e a comprensión do presente.

A unidade didáctica céntrase no estudo do impacto da industria marítima e conserveira na ría de Vigo, epicentro socioeconómico da rexión, para destacar o papel das mulleres neste sector. A metodoloxía, baseada no traballo por proxectos e no uso de fontes orais, busca fomentar a implicación activa do alumnado, dándolle a responsabilidade de documentar e recuperar a memoria dun pasado recente pero aínda descoñecido. O uso de testemuños directos de familiares e a análise de fontes primarias e secundarias permitirá desenvolver competencias de pensamento crítico e habilidades de investigación.

Entre os obxectivos específicos, a proposta persegue os seguintes fins:

- Sensibilizar o alumnado sobre o papel das traballadoras no sector mar-industria e visibilizar referentes femininos.
- Analizar criticamente o contexto histórico e social da Galicia da posguerra.
- Promover a conciencia de xénero e a xustiza pedagóxica no ámbito educativo.
- Desenvolver competencias de pensamento crítico e habilidades investigadoras.
- Valorar o legado feminino como parte fundamental do patrimonio inmaterial galego.

Ademais, a proposta inclúe a creación de materiais didácticos innovadores e transferibles á aula, como unha situación de aprendizaxe e un audiovisual divulgativo, que poderán integrarse tamén noutras materias como Bioloxía ou Educación Plástica e Visual.

Esta proposta non só contribúe a suplir as lagoas existentes no currículo canto á representación feminina, senón que tamén se alíña coa lexislación educativa vixente. Conforme a Lei orgánica 3/2020 (LOMLOE), que promove unha educación baseada en competencias clave e reforza a atención á diversidade e á educación en valores, e á Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que é un pilar esencial na promoción da igualdade no sistema educativo, a iniciativa pretende formar cidadáns e cidadás con conciencia histórica, perspectiva de xénero e capacidade crítica.

A visibilización de referentes femininos próximos ao alumnado, como as mulleres traballadoras do mar, permite unha comprensión máis directa da necesidade de loitar pola igualdade. O traballo con fontes diversas fomenta, ademais, unha actitude activa e que cuestiona a información, axudando o alumnado a contextualizar moitos dos

problemas contemporáneos e a construír unha visión máis fundamentada da súa realidade. Esta unidade de aprendizaxe busca reivindicar o papel das mulleres en oficios historicamente masculinizados, propoñendo un modelo educativo comprometido coa xustiza social, a igualdade de xénero e a recuperación da memoria, tal e como se establece na normativa educativa estatal e autonómica.

Metodoloxía

A unidade didáctica artéllase arredor dun conxunto de metodoloxías activas que favorecen a construción dunha aprendizaxe significativa, estreitamente vinculada á realidade social do alumnado. A combinación de diversas estratexias pedagóxicas promove o desenvolvemento interdisciplinario do proceso de aprendizaxe, estimulando o pensamento crítico e a implicación activa dos estudantes na análise do seu contexto histórico e local. As metodoloxías activas son fundamentais porque sitúan o alumnado no centro do seu propio proceso educativo. En lugar de ser receptores pasivos de información, convértense en protagonistas porque investigan, colaboran e resollen problemas reais. Este enfoque facilita unha mellor retención do coñecemento e desenvolve habilidades esenciais para a vida adulta, como o traballo en equipo, a autonomía e a capacidade de adaptación. No contexto desta proposta, estas metodoloxías son cruciais para vincular a teoría coa práctica, xa que o alumnado non só estuda a historia, senón que a vive e a reconstrúe a través de fontes orais e proxectos. Tamén fomentan o pensamento crítico pois, ao ter que investigar e analizar información en por si, os e as estudantes aprenden a cuestionar e a non aceptar os relatos históricos de forma pasiva. Así mesmo, impulsan o compromiso social, xa que a través dos proxectos o alumnado entende que o seu traballo pode ter un impacto real na comunidade, contribuíndo a visibilizar unha historia esquecida. Por último, promoven a empatía e a diversidade porque o traballo con testemuñas e a colaboración axudan a

comprender e valorar as experiencias de persoas de diferentes xeracións e orixes, reforzando a cohesión social. Para acadar isto, a proposta emprega a aprendizaxe cooperativa, que facilita o traballo conxunto e a interacción coas profesionais do sector; a aprendizaxe baseada en proxectos (ABP) para fomentar a investigación e a resolución de problemáticas reais; e técnicas e dinámicas de grupo que garanten que todos os alumnos e alumnas adquiren novos coñecementos e desenvolvan habilidades cognitivas. Ademais, incentivarase o desenvolvemento da empatía, o que contribuirá a crear un ambiente de aprendizaxe máis inclusivo e colaborativo.

Obxectivos

O obxectivo desta unidade didáctica é que o alumnado acade unha comprensión profunda e significativa da historia, máis alá da simple memorización de datos. Por iso, os criterios de avaliación céntranse na interiorización dos contidos, na súa aplicación a un contexto social próximo e no desenvolvemento de habilidades críticas. Buscamos que o alumnado, amais de coñecer os feitos, sexa tamén capaz de reflexionar sobre eles. Para iso, avaliaremos a capacidade do alumnado para comprender e explicar de forma clara o papel das mulleres na industria marítima de Vigo e a súa relación co patrimonio local, demostrando a súa competencia para analizar fontes históricas como imaxes, documentos e, especialmente, testemuños orais. Queremos que dean recoñecido a importancia de estudar a historia en clave de xénero, valorar como as mulleres foron un pilar fundamental no ámbito laboral e social, reflexionar sobre a evolución da súa presenza na industria. Ademais, fomentarase a investigación e a creación de novas fontes históricas, pois o alumnado deberá ser capaz de investigar sobre unha figura relacionada co sector e crear unha fonte propia que visibilice un tema esquecido. Tamén se avaliará a súa habilidade para usar e valorar a memoria oral como fonte histórica, demostrando respecto nas entrevistas con extraballadoras.

Marco teórico

Aproximación á historia do traballo feminino

O sector mar-industria foi un pilar económico fundamental para Galicia, pero a súa competitividade cimentouse na explotación dunha forza laboral predominantemente feminina, percibida como dócil e economicamente vantaxosa. As políticas franquistas, exemplificadas polo Foro do Traballo de 1938, buscaban confinar a muller no ámbito doméstico, unha visión que colidía frontalmente coa imperiosa necesidade económica que impulsaba a miles de mulleres ao traballo fabril en condicións de precariedade.

As mulleres ocupaban os postos de menor cualificación, enfrontándose a unha discriminación salarial sistémica, unha notoria ausencia de oportunidades de ascenso e riscos para a saúde, incluíndo trastornos musculoesqueléticos e enfermidades respiratorias.

*Museo da Conserva
ANFACO-CYTMA.
(ca. 1940).
Interior fábrica Massó,
Bueu [Fotografía].
Fondo fotográfico del
Museo da Conserva,
Vigo.*



No entanto, a pesar da opresión, as fábricas transformáronse en espazos de sororidade e resistencia colectiva. A folga de 1931-1932, na que participaron activamente miles de traballadoras, é un testemuño elocuente da súa loita por dereitos laborais e sociais máis amplos. A recuperación da memoria oral, a través de iniciativas como o proxecto Sereas, revélase como unha ferramenta indispensable para visibilizar estas experiencias e contrarrestar a escaseza de fontes escritas, unindo así os relatos das obreiras coa súa contorna.

O estudo de empresas clave como Alfageme, Massó, Hijos de Carlos Albo, Hijos de J. Barreras, José R. Curbera e La Artística Manufacturas de Hoja de Lata permite observar un espectro de realidades laborais e políticas empresariais, dende a explotación máis directa ata iniciativas de benestar de corte paternalista. Este estudo contribúe a unha historiografía de xénero máis completa, rescatando as voces e vivencias das "sereas" que forxaron o patrimonio inmaterial e a identidade das comunidades costeiras de Vigo, e ofrece unha perspectiva crítica sobre a modernización industrial nun contexto autoritario.



Museo da Conserva – ANFACO-CYTMA. (ca. 1940). Interior fábrica Albo [Fotografía]. Fondo fotográfico del Museo da Conserva, Vigo.

*Faro de Vigo. (2025, 1 de
junio). Exterior fábrica
Albo, Jacinto Benavente
[Fotografía].*



O nacemento da industria e evolución

A consolidación da industria conserveira en Vigo, a partir de mediados do século XIX, foi un proceso impulsado de forma significativa pola chegada de empresarios cataláns que proporcionaron un vasto coñecemento en técnicas de conservación de produtos mariños. As fábricas establecéronse estratexicamente en zonas costeiras como Guixar, Areal, Coia e Bouzas, o que transformou Vigo no principal motor industrial de Galicia. Ao primeiro, o sector especializouse na sardiña; a ausencia de medios frigoríficos avanzados obrigaba as fábricas a situarse preto dos portos de desembarco, limitando os grandes investimentos e propiciando un modelo de produción a pequena escala. Co tempo, o sector diversificou a súa produción para incluír outros produtos como o atún e o marisco, o que favoreceu o seu crecemento nos mercados nacional e internacional.

Con todo, o panorama industrial galego sufriu un considerable impacto tras a Guerra Civil española. A política de autarquía imposta polo réxime franquista, xunto coas súas medidas proteccionistas, impediu o desenvolvemento tecnolóxico necesario na industria conserveira, o que significou que o sector continuara dependendo en gran medida de

procesos manuais e artesanais, cunha man de obra intensiva. A competitividade da industria conserveira viguesa neste contexto de atraso tecnolóxico fundamentouse, por tanto, no uso dunha forza laboral maioritariamente feminina, percibida polos empresarios como máis produtiva, flexible, dócil e —algo crucial— máis barata. Esta explotación da man de obra feminina foi un piar do éxito industrial e asemade un mecanismo de opresión que constitúe un elemento central do patrimonio inmaterial da industria. A autarquía franquista actuou como un catalizador da explotación feminina; converteu a súa dispoñibilidade e baixo custo non só nunha conveniencia, senón nun imperativo estrutural para a supervivencia e a competitividade do sector dentro do marco autárquico.



Museo da Conserva – ANFACO-CYTMA. (ca. 1940). Interior fábrica Alfageme [Fotografías].

Fondo fotográfico del Museo da Conserva, Vigo

A realidade feminina

Para comprender plenamente o papel destas mulleres, cómpre mergullarse na súa orixe. A maioría delas non nacera nos barrios costeiros de Vigo, proviñan dunha masiva migración dende as zonas rurais do interior de Galicia, que buscaba nas cidades da costa unha alternativa á pobreza agraria. Durante as primeiras décadas do século XX e, de forma máis acentuada, coa Guerra Civil e a posguerra, a vida no campo tornou extremadamente dura. A falta de terras, a baixa produtividade da agricultura de subsistencia e a ausencia de calquera outra oportunidade económica actuaron como poderosos factores de expulsión. A cidade, co seu crecente sector industrial e as promesas de traballo nas fábricas, actuaba como un imán para miles de mulleres novas e as súas familias que buscaban desesperadamente unha forma de subsistencia. A chegada a Vigo supoñía un choque cultural e social, pero tamén a única esperanza de escapar da pobreza extrema.

*Museo da Conserva –
ANFACO-CYTMA.
(ca. 1940). Puerto de
Guixar [Fotografía].
Fondo fotográfico del
Museo da Conserva,
Vigo.*



Esta migración tivo un impacto directo nas economías familiares. O xornal das mulleres, aínda que insignificante comparado co dos homes e a miúdo suxeito a flutuacións pola estacionalidade do traballo, era con frecuencia o único ingreso fixo do fogar, o que as convertía no principal alicerce financeiro. A xestión destes recursos recaía case exclusivamente sobre elas; convertíanse en auténticas xestoras das economías de supervivencia, distribuíndo os ingresos para cubrir as necesidades básicas de alimentación, alugueiro e vestimenta. Para sobrevivir, as familias dependían dunha complexa rede de apoio mutuo: préstamos informais entre veciños, troco de favores e solidariedade de clase.

As condicións de vida nos barrios obreiros reflectían esta realidade. As familias vivían en pequenas e humildes vivendas, a miúdo superpoboadas, sen auga corrente nin electricidade e en condicións sanitarias precarias. Barrios como O Berbés, Bouzas ou Coia, pegados aos centros de produción, creáronse para albergar a esta forza de traballo masiva que se converteu en microcosmos de loita e resistencia. A comunidade veciñal, composta por persoas coas mesmas orixes e desafíos, creaba un sentimento de pertenza e un espazo de confianza que era vital para o benestar e a supervivencia cotiá.



Faro de Vigo. (1950, 28 de noviembre). Calle del Berbés, Vigo (I) [Fotografía]. El pasajero en Galicia (p. 170). Faro de Vigo.

A precariedade do traballo na industria non era o único desafío. Para as mulleres, a xornada laboral na fábrica era só a primeira metade dunha vida de esforzo constante, o que se coñece como a "dobre xornada". O traballo comezaba moito antes de saír o sol, coas tarefas domésticas: preparar o almorzo para a familia, organizar os fillos e asegurar que a casa quedase en orde. O camiño á fábrica, moitas veces longo e percorrido a pé, era un primeiro xornal en si mesmo. As xornadas laborais estendíanse sen descanso, nun ambiente de frío, humidade e cheiro a peixe, con postos de traballo que non ofrecían nin o máis mínimo confort. A pesar diso, as fábricas volvíanse auténticos espazos de socialización e sororidade, onde as mulleres compartían o traballo, mais tamén as súas vidas, preocupacións e estratexias de supervivencia.

As condicións ambientais e ergonómicas eran adversas e xeraban problemas de saúde a longo prazo. A exposición continua a baixas temperaturas, combinada coa repetición de movementos e as malas posturas, aumentaba de forma significativa a probabilidade de desenvolver trastornos musculoesqueléticos (MSDs) como a tendinite, a artrose e a síndrome do túnel carpiano. As mans e os pulsos, sometidos decontino a tensión polo uso de coitelos e tesoiras, sufrían lesións que afectaban a calidade de vida das traballadoras. Ademais, as operarias dedicadas á soldadura e ao estañado de latas padecían enfermidades respiratorias pola inhalación de gases tóxicos. A falta de ventilación e de medidas de seguridade transformaba os corpos das mulleres en únicas ferramentas de produción.

Dentro da propia fábrica, a xerarquía tiña unha división de xénero moi marcada: os homes ocupaban os postos de maior cualificación e control, as mulleres atopábanse baixo a supervisión dunha encargada. Esta figura, tamén muller, ocupaba unha posición ambigua: dunha banda, coñecía as duras condicións do traballo pero, doutra, exercía un

un control estrito e unha forte presión sobre as compañeiras para asegurar o rendemento da cadea de produción, a miúdo en detrimento do benestar das súas subordinadas.



*Museo da Conserva –
ANFACO-CYTMA. (ca. 1940).
Interior fábrica Massó
[Fotografía]. Fondo fotográfico
del Museo da Conserva, Vigo.*



*Museo da Conserva –
ANFACO-CYTMA. (ca. 1940).
Interior fábrica Massó, Bueu
[Fotografía]. Fondo fotográfico
del Museo da Conserva, Vigo.*

Ademais, o traballo infantil, aínda que ilegal, era unha realidade na sociedade e nos primeiros anos do sector. Moitos nenos e nenas, fillos das traballadoras, axudaban nas fábricas en tarefas sinxelas como a etiquetaxe ou o empaquetado, sumando un pequeno salario aos ingresos familiares. Esta práctica, que se mantivo en certas áreas de forma soterrada, reflicte a extrema pobreza que forzaba as familias a sacrificar a educación e a infancia dos seus fillos para poder sobrevivir.

En contraposición, algunhas grandes empresas como Hijos de J. Barreras e, especialmente, Massó, exercían un tipo de control máis sutil e sofisticado: o paternalismo industrial. Tratábase dunha estratexia para fidelizar o persoal, evitar a sindicalización e controlar a súa vida persoal fóra da fábrica. Massó, coñecida pola súa política social, construíu en Cangas o famoso Poboado de Massó, un conxunto residencial para os seus traballadores e traballadoras con vivendas, escola e servizos médicos.

*Museo da
Conserva –
ANFACO-CYTMA.
(ca. 1940).
Guardería fábrica
Massó, Bueu
[Fotografía].
Fondo fotográfico
del Museo da
Conserva, Vigo.*



Neste modelo, a figura da asistente social resultaba crucial. A miúdo era unha enfermeira ou unha relixiosa e exercía un papel de vixilancia e control moral sobre as familias. A cambio dos servizos e vivendas, a asistente social visitaba os fogares para asegurarse de que as mulleres se comportaban de forma axeitada, de que a casa estaba limpa e de que os fillos acudían á escola da empresa. Era a cara amable do control, que garantía a produtividade e a ausencia de conflitos sociais mediante a xestión da vida familiar. As mulleres de Massó beneficiáronse dos servizos de gardería e sanidade, pero á custa da súa autonomía.

Esta mesma solidariedade foi a que impulsou o nacemento das grandes loitas obreiras. A folga de 1931-1932 é o exemplo máis elocuente da capacidade de organización e resistencia destas mulleres. Como detonante actuou a imposición dunha taxa de maternidade por parte do goberno da II República, un imposto que indignou a miles de traballadoras, xa que as penalizaba por un feito biolóxico e natural mentres que os seus baixos salarios apenas lles permitían subsistir. A resposta non tardou en chegar: máis de 4000 mulleres da ría de Vigo, moitas delas procedentes das conserveiras de Coia, Bouzas e Cangas, paralizaron a súa actividade. A folga, que se estendeu durante varias semanas, non se limitou a protestar polo imposto. O Comité de Folga Feminino articulou unha serie de demandas radicais e avanzadas para a época: a eliminación da taxa de maternidade, a creación dun seguro de saúde universal para todos os traballadores e non só para as nais, unha xornada laboral de nove horas e a equiparación salarial cos homes. A contundente frase que resumía a súa loita, "Que pague o patrón ou o Estado, que nós bastante pagamos coa nosa falta de xornal". A súa loita, que desafiou tanto o capitalismo industrial como as políticas estatais, demostra que estas mulleres non eran vítimas pasivas, senón suxeitos activos capaces de organizarse e conseguir importantes avances laborais coa súa valentía.

Para comprender a fondo a vida destas mulleres, é fundamental mergullarse na súa rutina cotiá, unha xornada que se estendía moito máis alá das portas da fábrica. A vida dunha "serra" era unha dobre xornada: unha de traballo fabril, outra de coidados e tarefas domésticas. O día comezaba de madrugada, cando o sol aínda non saía. A muller levantábase para preparar o almorzo dos fillos e o seu propio, a miúdo unhas filloas ou pan con algo de manteiga. Sen electricidade nin auga corrente, as tarefas básicas supuñan un desafío constante. Despois, preparaba os nenos para a escola ou, en moitos casos, deixábaos a cargo dunha veciña ou dunha familiar, unha rede de apoio informal sen a que a vida non sería posible.

O camiño á fábrica, moitas veces longo e a pé, era o inicio dunha xornada de entre 10 e 12 horas. As fábricas estaban situadas estratexicamente preto dos portos, o que significaba que as traballadoras tiñan que cruzar os barrios obreiros de Coia, Bouzas ou o Berbés. Unha vez dentro, o ambiente era abafador: o ruído constante da maquinaria, o cheiro a peixe e a humidade do aire invadían todo o espazo. Con todo, a fábrica non era só un lugar de traballo; era un espazo de socialización e sororidade. As mulleres compartían as súas historias, cantaban e falaban dos seus problemas; creaban unha rede de apoio psicolóxico que lles axudaba a soportar a dureza da rutina.

O proceso produtivo: a vida na cadea de montaxe



*Museo da
Conserva –
ANFACO-CYTMA.
(ca. 2000). Interior
fábrica [Fotografía].
Fondo fotográfico
del Museo da
Conserva, Vigo.*

O traballo nas fábricas de conserva era un universo en si mesmo, con tarefas específicas e rutinas que definían a vida das traballadoras. A xornada laboral, de máis de dez horas, centrábase nunha serie de operacións repetitivas, rápidas e esixentes que foron a verdadeira base do éxito da industria.

- A chegada do peixe e a "sardiña fresca": a xornada comezaba coa chegada do peixe fresco, a miúdo sardiña, que se transportaba dende os peiraos en grandes cestos ou tinas. O tempo era crucial: había que procesar o peixe antes de que se estragase. As mulleres traballaban contra o reloxo, nunha carreira contra o tempo e a natureza. A súa primeira tarefa era limpar e descabezar o peixe, un proceso rápido e manual que esixía gran destreza e que podía causar feridas nas mans e nos dedos polo uso constante dos coitelos.

- O proceso de "salmoira" e o "torrado": unha vez limpo, o peixe pasaba polas salas de salmoira, onde se mergullaba en grandes cubas de auga con sal para a súa conservación. Despois viña o torrado en fornos de ladrillo e carbón. A tarefa, fisicamente esgotadora pola calor e a humidade, era ademais un dos poucos traballos que requiría supervisión por parte dos homes.
- O traballo ao axuste: a maioría das mulleres non cobraban un salario fixo, senón que traballaban ao axuste, é dicir, cobraban por unidade producida. Cada muller era responsable de cortar, limpar, filetear e colocar un número determinado de pezas de peixe nas latas. Este sistema presentábase como un incentivo á produtividade, exercendo presión para gañar un salario mínimo. As mulleres competían entre elas e sentían a presión de producir máis e máis para garantir un xornal suficiente para as súas familias.
- A falta de tecnoloxía e o papel das mulleres: nas primeiras décadas do século XX e durante a autarquía, a tecnoloxía na maioría das fábricas era case inexistente. As máquinas máis pesadas, como as que selaban as latas ou as grandes caldeiras, manexábanas homes. As mulleres realizaban todo o traballo manual, dende a selección do peixe ata a colocación dos produtos finais nas caixas. Esta clara división do traballo, que se traducía en diferenzas salariais, tamén reforzaba os roles de xénero: o home manexaba a forza e a máquina; a muller, a paciencia e o traballo meticuloso.

O marco legal

O réxime franquista, a través da súa lexislación laboral, non se limitou a tolerar a explotación da man de obra feminina, senón que a estruturou e formalizou como unha política de Estado. Se ben o Foro do Traballo de 1938 establecía as bases ideolóxicas, foi a Lexislación sobre o Traballo da Muller de 1942 e os seus regulamentos posteriores a que puxo en práctica a visión do réxime, disfrazando a restrición de dereitos baixo o paraugas da "protección".

Esta lexislación partía dunha premisa falaz: a muller debía ser "protexida" dos perigos do mundo laboral para preservar a súa "natureza" de nai e esposa. A narrativa paternalista e conservadora tiña como obxectivo principal limitar a autonomía feminina e garantir que o traballo da muller fose sempre secundario e subsidiario.

Entre as medidas máis restritivas, atopábanse estas:

- A prohibición de traballos "insalubres ou perigosos": a lei prohibíalles ás mulleres traballar en determinadas profesións consideradas non aptas para a súa condición física ou moral. Isto incluía, por exemplo, o traballo nocturno na industria, a participación en minas subterráneas ou en calquera tarefa considerada de "esfuerzo excesivo". Aínda que, en teoría, isto buscaba coidar a súa saúde, na práctica servía para afastar as mulleres dos postos máis valorados e mellor remunerados, confinándoa en tarefas repetitivas e de baixa cualificación, como o envasado ou a limpeza.
- O permiso do marido: a autonomía económica da muller era nula. A lexislación establecía que unha muller casada necesitaba o permiso do seu marido para asinar

un contrato laboral e para realizar calquera xestión legal. Se o marido se negaba, a muller non podía traballar. Esta dependencia legal reforzaba a autoridade do home sobre a vida e a carreira da súa esposa, pois limitaba as súas oportunidades e mantiña unha estrutura de poder patriarcal no fogar.

- A discriminación salarial sistémica: a lei non só permitía a desigualdade salarial, senón que, en certo modo, a incentivaba. O salario da muller considerábase un complemento do do home, que se percibía como o principal provedor da familia. Isto significaba que, por realizar o mesmo traballo ou un de igual valor que un home, unha muller cobraba considerablemente menos. Esta discriminación non era unha desviación da norma, senón unha parte central da política económica e social do réxime, que se baseaba en manter os salarios baixos para garantir a competitividade das empresas.

As leis que supostamente "protexían" as mulleres das tarefas máis duras non se aplicaban. O contraste entre a pomposa lei e a crúa realidade demostra que a "protección" era só unha escusa ideolóxica para a explotación económica e social. O traballo, lonxe de ser unha elección das mulleres, era unha necesidade de supervivencia, unha realidade ignorada por un marco legal deseñado para invisibilizar a súa existencia no mercado laboral.



Museo da Conserva – ANFACO-CYTMA. (ca. 2000). Interior fábrica [Fotografía]. Fondo fotográfico del Museo da Conserva, Vigo.

As mulleres, o mar e o franquismo

Máis aló das conserveiras, a vida de miles de mulleres en Vigo estivo ligada ao mar a través de múltiples oficios, moitos deles fóra do ámbito fabril. As mariscadoras desempeñaron un dos traballos máis precarizados e invisibilizados do sector. O seu labor, dependente das mareas e da estacionalidade, era duro e solitario. Armadas coa cesta, o sachó e a lanterna, traballaban nas praias, nos bancos de area ou nas rochas, moitas veces en condicións climáticas adversas, aturando o frío, a humidade e a incomodidade dos traxes rudimentarios. A súa subsistencia, baseada na venda de mariscos como a ameixa ou o berberecho, era incerta, xa que os prezos oscilaban de forma imprevisible e a sobreexplotación dos recursos era unha ameaza constante. Durante o franquismo, o seu traballo considerábase case unha actividade de subsistencia familiar máis ca unha profesión, o que impedía que tivesen dereitos laborais ou seguridade social.

A súa organización comezou de forma informal, en pequenas redes de apoio mutuo, e co tempo, coa creación de confrarías de mariscadoras, empezaron a loitar polo recoñecemento do seu traballo e a xestión sustentable dos recursos. As mariscadoras, polo tanto, amais de traballadoras, foron tamén custodias dun coñecemento ancestral do mar e as súas dinámicas, transmitido de xeración en xeración. A súa resistencia e adaptación demostraron como o coñecemento tradicional lles permitiu sobrevivir e, co tempo, organizarse para reivindicar os seus dereitos e a dignidade do seu oficio.

Outra figura fundamental na economía marítima viguesa foi a das pescantinas, mulleres que vendían o peixe que os pais, maridos ou fillos traían dos barcos. Estas vendedoras, moitas delas do Berbés, eran o nexo entre o mar e a cidade, coñecidas pola súa voz potente, a grande habilidade para negociaren e a capacidade para atraeren clientes.

O seu traballo esixía un grande esforzo físico, pois cargaban cestos pesados de peixe e marisco e pasaban longas horas de pé no porto ou na praza. A praza do Berbés era o seu espazo de traballo, un lugar vibrante e ruidoso onde se mesturaban os cheiros a peixe, a sal e o fume dos barcos. Aquí, as mulleres, amais de vender o produto, tamén se socializaban, intercambiaban información e creaban fortes redes de apoio.



Reproducción de fotografía original sin autor identificado. (s.f.). Pescantinas en el Berbés [Fotografía].

A súa presenza no espazo público, malia estar condicionada polas normas de xénero da época, deulles unha certa independencia económica e unha voz na comunidade. Moitas eran tamén vendedoras ambulantes, percorrían as rúas de Vigo co seu cesto para vender o peixe porta a porta e creaban vínculos directos e de confianza coas veciñas.

O seu labor era vital para a economía familiar e a súa presenza nos barrios, unha parte esencial do tecido social. A súa loita, a miúdo silenciosa e individual, centrouse na subsistencia e na defensa da súa actividade nun contexto non regulado e con grandes desafíos. A súa existencia, tan vital para a economía local, demostraba unha forma de resistencia cotiá contra o ideal do "anxo do fogar" promovido polo réxime.

A realidade destas mulleres galegas do mar e da industria contrasta de forma radical e dolorosa co ideal de feminidade promovido polo réxime franquista. Mentres o Estado, a través da Sección Femenina da Falange, predicaba unha moral conservadora e

ultracatólica que concibía a muller como "anxo do fogar", relegada ao ámbito doméstico, á maternidade e á submisión total ao marido, a vida cotiá en Galicia debuxaba un panorama totalmente oposto.

A Sección Femenina, liderada por Pilar Primo de Rivera, exercía unha forte influencia na educación e na propaganda; impartíanse clases de costura, cociña, economía doméstica e catecismo. O obxectivo era formar mulleres que fosen unicamente boas esposas e nais, destinadas a ser o "complemento" dos homes no fogar. As súas publicacións e materiais didácticos estaban cheos de imaxes de mulleres idealizadas, con vestidos impecables, en casas perfectamente ordenadas e dedicadas unicamente ao coidado da familia. Este modelo, que reproducía o luxo e o privilexio da burguesía e da clase alta, presentábase como a única vía digna para toda muller española.

Non en tanto, esta ideoloxía era completamente inútil e allea á vida da maioría das mulleres en Galicia. Para case todas as familias obreiras e mariñeiras, o ideal dunha muller dedicada exclusivamente ao coidado da casa era unha fantasía inalcanzable.



Guía de la buena esposa (1953). Qué mala esposa seré! [Documento].

Recuperado do arquivo de materiais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

A pobreza e a precariedade facían do traballo feminino unha necesidade vital para a supervivencia. O que a ideoloxía oficial representaba como unha virtude —a muller no fogar— era para a clase traballadora, simplemente, un luxo impensable.

De feito, as mulleres galegas non só complementaban o xornal familiar, senón que en moitos casos eran as principais provedoras de sustento e verdadeiro alicerce económico dos seus fogares. Esta realidade desafiaba o ideal patriarcal, en realidade, facíao insostible. As leccións de Pilar Primo de Rivera chocaban coa vida real das "sereas" das conserveiras, que pasaban xornadas de máis de dez horas xeralmente de pé en ambientes fríos, das mariscadoras que traballaban coa roupa mollada e ao frío, ou das pescantinas que negociaban o pan de cada día nas rúas. Mentres unhas aprendían a facer un punto de cruz, outras loitaban contra a explotación e a fame.

Este paradoxo entre a ideoloxía e a realidade pon de manifesto as profundas contradicións do franquismo, que por unha banda tentaba controlar e limitar a autonomía das mulleres, mentres que pola outra dependía economicamente da súa invisibilizada e explotada forza de traballo. As mulleres galegas do mar, co seu esforzo e resiliencia, demostraron que a dignidade non se achaba na submisión, senón na loita e no traballo.

O réxime franquista, a través da súa lexislación laboral, non se limitou a tolerar a explotación da man de obra feminina, senón que a estruturou e formalizou como unha política de Estado. Se ben o Foro do Traballo de 1938 establecía as bases ideolóxicas, foi a Lexislación sobre o Traballo da Muller de 1942 e os seus regulamentos posteriores a que puxo en práctica a visión do réxime, disfrazando a restrición de dereitos baixo o paraugas da "protección".

A pesar de que o seu labor foi esencial para a supervivencia e a prosperidade das súas comunidades, estas mulleres sufriron unha dobre invisibilización: a histórica, pola falta de rexistros formais, e a social, ao non ser recoñecidas no relato oficial. Por exemplo, a apenas aparece nos arquivos históricos información sobre as pescantinas ambulantes. Mentres que os libros das lonxas recollían con precisión o produto que se vendía, a quen e por quen, a historia persoal destas vendedoras, a súa loita diaria e o seu papel vital na economía informal dos barrios quedaron fóra do relato.

Tal ausencia de información tamén se traslada ao currículo educativo, onde estas figuras, a pesar de seren un exemplo de resiliencia e iniciativa, non se estudan nas escolas. A falta de recoñecemento supón unha inxustiza histórica que minimiza os avances laborais que estas mulleres, con ou sen afiliación sindical, acadaron coa súa resistencia cotiá.

Unha ollada ao seu patrimonio material e inmaterial

O patrimonio material vinculado ao sector mar-industria está en perigo. As antigas fábricas de conserva, cunha arquitectura singular en moitos casos, atópanse en ruínas ou en proceso de demolición. Estes edificios non eran simples naves industriais; os seus deseños, que combinaban a funcionalidade coa estética, incorporaban elementos da arquitectura rexional que poderían ser catalogados como un estilo industrial con claras reminiscencias do románico ou barroco galego. O uso de grandes ventás para iluminar de xeito natural os espazos de traballo, a construción en pedra de cantaría e a presenza de detalles decorativos nas fachadas e arcos, amais da súa utilidade, representaban a bonanza económica e a importancia que as conserveiras tiñan na paisaxe urbana e costeira de Vigo.

*La Voz de Galicia.
(2020, 11 de agosto).
Exterior Massó
[Fotografía]. La Voz
de Galicia.*



Esta perda non é só arquitectónica, tamén afecta ao patrimonio inmaterial. O coñecemento, as técnicas, as historias e as loitas destas mulleres, que non quedaron rexistradas en libros, estanse perdendo co paso do tempo. A memoria das obreiras, das mariscadoras e das pescantinas desaparece conforme van desaparecendo as súas protagonistas.

Afortunadamente, o legado artístico deste sector si que sobreviviu e abre unha fiestra fascinante ao pasado. As latas de conserva, obxectos cotiáns e utilitarios, convertéronse en pequenas obras de arte. Empresas como La Artística Manufacturas de Hoja de Lata, con sede en Vigo, destacaron pola calidade dos seus deseños litográficos. As latas de sardiñas, de mexillóns ou de atún elaborábanse con cores vivas, tipografías elegantes e

ilustracións que representaban dende paisaxes idílicas e barcos de pesca ata figuras femininas estilizadas e símbolos heráldicos. Os deseños servían para diferenciar o produto no mercado, pero tamén eran parte da cultura popular, axudaron a construír unha identidade de marca e a dignificar un produto de consumo masivo.



*Museo da Conserva –
ANFACO-CYTMA. (ca. 1940).
Latas de conservas
[Fotografía]. Fondo
fotográfico del Museo da
Conserva, Vigo.*

A publicidade tamén tivo un papel crucial na construción deste imaxinario. Artistas de sona, como Federico Ribas, crearon icónicas campañas para as conserveiras galegas. Os seus carteis, con liñas dinámicas e un estilo art déco inconfundible, convertían o simple acto de consumir conserva nunha experiencia de luxo e modernidade. As imaxes de mulleres elegantes e cosmopolitas promovendo o atún ou a sardiña contrastaban coa realidade das mulleres que as envasaban, creando un forte contraposición entre a imaxe glamurosa do produto e a crúa realidade da súa produción.

A chegada dos cambios

A partir dos anos 60 e 70, o sector mar-industria comezou a experimentar unha lenta pero imparable transformación. A fin da autarquía e a apertura económica permitiron a chegada de novas tecnoloxías. A mecanización, que ata entón fora mínima, introduciuse progresivamente nas fábricas. A maquinaria, por exemplo, comezou a encargarse de tarefas como o peche das latas, a limpeza e, en menor medida, o fileteado do peixe. Esta automatización tivo un dobre efecto na man de obra feminina: por unha banda, eliminou algúns dos postos máis rutineiros e esgotadores pero, por outra, supuxo a perda de moitos postos de traballo e a creación dunha nova forma de precariedade, na que as mulleres se reconduciron a postos de control de calidade ou tarefas loxísticas.

Hoxe en día, as historias destas mulleres atópanse no corazón dunha loita por preservar a memoria colectiva. A importancia da súa contribución non foi plenamente recoñecida ata as últimas décadas, grazas ao traballo de historiadores, sociólogos e colectivos de mulleres. A historia oral convértese aquí nunha ferramenta esencial, permite que as voces das que foron silenciadas emerxan e se unan para construír un relato máis completo. Estas historias son un reflexo da fortaleza e a capacidade de adaptación dunha sociedade que atopou no traballo feminino o seu principal motor de crecemento, a pesar de vivir nun réxime que negaba a muller no espazo público.

A súa loita, que se manifestou en folgas, pero tamén en pequenos actos de resistencia cotiá, inspirou a xeracións posteriores de mulleres e converteuse en parte da identidade de Vigo e de toda Galicia. A memoria das sereas, das mariscadoras e das pescantinas non é só unha cuestión histórica, senón tamén un alicerce para o movemento feminista galego. Rescatar as súas historias non é un mero exercicio de nostalxia, senón un acto

de xustiza histórica que recoñece a súa achega indispensable á sociedade e que axuda a construír un futuro máis igualitario e consciente das súas raíces.



Vigo al minuto. (2009, 21 de diciembre). Huelga trabajadoras Alfageme [Fotografía]. Vigo al minuto.

Diario de Pontevedra. (2019, 21 de marzo). Huelga Pescanova en Porriño y Chapela [Fotografía]. Diario de Pontevedra.



O traballo na industria e no mar era duro, pero as mulleres atoparon nas súas vidas sociais e culturais un espazo vital de respiro e apoderamento. As tabernas e as prazas do Berbés, Bouzas e Coia non eran simplemente lugares de lecer, senón verdadeiras "universidades populares" onde as mulleres se atopaban despois de xornadas extenuantes. Alí compartían as súas historias, queixas e frustracións, pero tamén estratexias de supervivencia. Nestes espazos, a solidariedade non era un concepto

abstracto, senón unha realidade tanxible: unha man tendida para axudar a unha compañeira enferma, un prato de comida para unha familia en apuros ou a organización informal dunha protesta.

Estas redes de apoio mutuo eran a base da súa resistencia. Nunha sociedade que as illaba e as desvalorizaba, os encontros nas tabernas e nas rúas eran un acto de afirmación da súa identidade e da súa dignidade. Era alí onde nacían as bromas, os alcumes e as cancións que ridiculizaban os patróns, onde se discutían e planificaban as protestas. A risa, o chisme e a canción eran, no fondo, ferramentas de resistencia que lles permitían manter a moral alta e sentirse parte dunha comunidade unida na loita.

A oralidade, en particular, xogou un papel crucial na preservación da memoria destas mulleres. A falta de rexistros escritos sobre as súas vidas e loitas foi compensada por unha rica tradición oral, transmitida de xeración en xeración. As nais e avoas contaban aos seus fillos e netos as historias das conserveiras, das loitas sindicais e das penurias do traballo. Estes relatos, mesturados a miúdo con mitos e lendas do mar, convertéronse nunha forma de patrimonio inmaterial que contén a esencia da súa existencia. Os cantares e as coplas que xurdían dos seus traballos, con rimas sinxelas e directas, non eran só entretemento, eran un rexistro vivo do seu pasado. A través destas cancións, a vida das mariscadoras, das pescantinas e das obreiras quedou gravada para a historia, non en libros de texto, pero si na memoria colectiva do pobo galego.

O estudo e a recuperación deste patrimonio inmaterial, das súas historias, das súas cancións e das súas tradicións, é un acto de xustiza histórica. As mulleres do mar e da industria galega demostraron que a dignidade non se busca nos discursos políticos ou nos libros de historia, senón que se atopa no día a día, na solidariedade coas

compañeiras e na capacidade de contar a súa propia historia, unha historia que agora, finalmente, ten un lugar lexítimo no relato do noso país.

A historia de Vigo non se pode contar de forma completa sen recoñecer o papel central que estas mulleres, con sacho, cesto ou uniforme de fábrica, tiveron na construción da súa identidade e no seu desenvolvemento industrial. A súa achega, moitas veces silenciosa e invisibilizada, foi a base sobre a que se construíu o éxito económico dunha cidade e dun país. A recuperación das súas historias, a través de proxectos como Sereas e outras iniciativas de historia oral, enriquece a nosa comprensión da historia local e tamén nos ofrece un modelo de resiliencia e apoderamento feminino que segue a inspirar no presente. A súa loita, a miúdo silenciada, foi un alicerce fundamental da sociedade galega e merece ser rescatada do esquecemento e incorporada plenamente na nosa memoria colectiva.

A historia foi escrita con demasiada frecuencia por homes que escribiron sobre homes, deixando fóra as vivencias e loitas de gran parte da poboación. No caso galego, a historia do desenvolvemento industrial e marítimo non se pode entender sen as miles de mulleres que o fixeron posible, pero as súas vidas e a súa incansable resiliencia raramente ocupan un espazo nas aulas. É aquí onde o estudo deste pasado se converte nunha ferramenta de cambio e apoderamento.

Como sinalaba a pensadora feminista bell hooks, a educación debe ser moito máis que a simple transmisión de coñecementos. Ela defendía a educación como unha "práctica da liberdade", un proceso que non só nos ensina a ler e escribir, senón que nos equipa cunha conciencia crítica para entender o mundo e transformalo. O estudo da historia das obreiras galegas encaixa perfectamente nesta visión.

Ao coñecer as súas loitas e a súa resistencia, o alumnado aprende sobre un período histórico e desenvolve unha conciencia de clase e de xénero. Estas mulleres, coa solidariedade nas fábricas e as súas folgas, demostraron que a opresión non é inevitable e que a organización e a loita son os medios para conquistar a liberdade. As súas historias permítennos "nomear a opresión", no sentido de hooks, e, con iso, comezar a superala.

A vida destas mulleres tamén pon de manifesto de forma brillante a teoría de Simone de Beauvoir de que "unha non nace muller, senón que se fai". O ideal feminino imposto polo réxime franquista, o do "anxo do fogar" pasivo e submiso, era unha construción ideolóxica que non tiña nada que ver coa vida real das mulleres galegas. Enfrontándose á pobreza e á necesidade de traballar, elas rexeitaron ese modelo. A súa identidade como mulleres non foi un destino biolóxico ou un guión imposto polo Estado; forxouse nas fábricas, nas lonxas e nas rúas, con traballo duro, solidariedade e loita diaria. O seu ser muller construíuse sobre a independencia económica e a súa capacidade de ser provedoras e protectoras da familia, en clara contradición co que se esperaba delas.

Para entender a explotación que estas mulleres sufriron de forma completa, tamén é necesario recorrer á obra de pensadoras como Silvia Federici. No seu traballo, Federici argumenta que a supervivencia do capitalismo depende non só do traballo asalariado, senón tamén dunha enorme cantidade de "traballo reprodutivo" non remunerado: cociñar, limpar, coidar dos fillos e dos maiores, realizado case exclusivamente por mulleres e que fai posible que a forza de traballo (os homes e as propias mulleres) estea dispoñible e preparada para producir cada día sen ningún custo para o sistema.

A "dobre xornada" das mulleres galegas é a mellor proba da teoría de Federici. Elas eran

explotadas economicamente no seu traballo asalariado nas fábricas, pero tamén eran a base dunha economía invisible, o traballo reprodutivo non remunerado, que mantiña á boia os fogares e a sociedade. A súa invisibilización histórica é, en gran parte, a invisibilización deste traballo esencial que non xera riqueza para os patróns, pero é o cimento sobre o que se sostén toda a sociedade. A historia das "sereas" de Vigo permítenos entender esta dupla explotación e visibilizar o seu papel crucial.

A memoria destas mulleres non é un simple recordo do pasado, senón unha forza viva que interpela o noso presente. O seu legado atópase nos esforzos actuais por combater a fenda salarial de xénero, na loita por unha conciliación real e na defensa dos dereitos laborais. Elas foron as pioneiras que, dende os seus humildes postos de traballo, demostraron que a dignidade non se negocia e que a solidariedade é a arma máis poderosa para o cambio social. A valentía, a dignidade e o inquebrantable espírito de traballo destas mulleres son o mellor exemplo para as novas xeracións, un testemuño vivo de que a historia non se fixo só nos despachos e nos campos de batalla, senón tamén nas fábricas, nas lonxas e nas rúas, coas mans fortes das mulleres galegas do mar.

En definitiva, a historia de Vigo e de toda Galicia non pode ser contada sen recoñecer o papel central que as mulleres do mar-industria tiveron na súa construción. Malia que o seu labor foi invisibilizado, elas foron o verdadeiro motor económico e social do país. Coa súa resiliencia e solidariedade desafiaron a precariedade e o ideal de feminidade franquista, forxando a súa propia identidade na loita. A recuperación da súa memoria, a través da historia oral e de proxectos de investigación, non é un mero exercicio de nostalxia, senón un acto de xustiza histórica que nos mostra un modelo de fortaleza e resistencia.

O seu legado segue vivo e interpela o noso presente, recordándonos que a dignidade non se negocia e que a loita por un futuro máis xusto comeza por non esquecer o pasado.



Museo da Conserva – ANFACO-CYTMA. (ca. 1940). Interior fábrica Alfageme [Fotografía]. Fondo fotográfico del Museo da Conserva, Vigo



SEREAS

“as mulleres do mar”



Conclusións

Por todo o exposto, recuperar a historia das mulleres galegas do mar e da industria non é un simple exercicio de memoria: é un imperativo ético e social. Por iso esta unidade didáctica busca romper o silencio histórico e converter a invisibilidade en luz, ofrecendo ás novas xeracións unha lección que transcende os libros.

Ao coñecer as vidas e loitas destas mulleres, o alumnado pode aprender de primeira man que a dignidade no traballo se conquista con esforzo, que a resiliencia é a ferramenta para superar a adversidade e que a solidariedade colectiva é a única resposta fronte á explotación.

Este relato, afastado dos grandes nomes da historia, inspira a ser axentes de cambio e demóstralles que o camiño cara á igualdade de xénero e a xustiza social está iluminado pola loita heroica daquelas mulleres que, coas súas mans e a súa suor, foron o verdadeiro alicerce da nosa sociedade.



SEREAS

“as mulleres do mar”



Bibliografía

Álvarez, C., Aróstegui, J., García, M., Gatell, C., Palafox, J. & Risques, M. (2012). Historia de España. Vincens Vives.

Ainscow, M. (2003, octubre).Desarrollo de sistemas educativos inclusivos. Ponencia presentada en San Sebastián, España.

Ausubel, D. (1963). The psychology of meaningful verbal learning. New York, Grune and Stratton
AUSUBEL, D.P. (1968). Educational psychology: a cognitive view. New York, Holt, Rinehart and Winston.

Ausubel, D. (1976). Psicología educativa: un punto de vista cognoscitivo. México, Editorial Trillas. Traducción al español de Roberto Helier D., de la primera edición de Educational psychology: a cognitive view.

Beauvoir, S. de. (1949).El segundo sexo (A. Martorell, Trad.; eublibre,Ed.)

Benería, L. (1977). Mujer, economía y patriarcado durante la España franquista. Barcelona: Anagrama.

Booth, T., Ainscow, M., & Kingston, D. (2006). Index para la Inclusión: Desarrollo del juego, el aprendizaje y la participación en Educación Infantil(F. González-Gil, M. Gómez-Vela, & C. Jenaro, Trad.). CSIE (Centro de Estudios para la Educación Inclusiva).

Borderías, C. (2008). El papel de las instituciones en la segmentación sexual del trabajo en España (1836-1936). *Equidad en el trabajo*, 4(6), 15-35.

Broullón, E. (2010). Culturas marítimas y relaciones de poder. La trayectoria del marisqueo a pie en las Rías Baixas gallegas. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 123, 375-399.

Broullón, E. (2020). Inclusión social y visibilidad del rol femenino en las sociedades marítimo pesqueras: El estudio de caso de la Ría de Vigo en época contemporánea. En M. D. González Guardiola & D. Igual Luis (Eds.), *El mar vivido. Perfiles sociales de las gentes de mar en la larga duración (siglosV-XXI)* (pp. 31-48). Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.

Caillavet, F. (1987). Trabajo u honor. El trabajo femenino en la economía contemporánea. *REIS: Revista Española de Investigaciones Sociológicas* (40), 113-133.

Carmona,X., & Nadal,R. (2005). El empeño industrial de Galicia. 250 años de historia (1750- 2000). Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Casanova, E. M. (1989).El proceso educativo según Carl R. Rogers: La igualdad y formación de la persona. *Revista Universitaria de Formación del Profesorado*, 6, 509-603.

Díez, J. M. (1995). República y primer franquismo: la mujer española entre el esplendor y la miseria, 1930-1950. *Alternativas: Cuadernos de trabajo social* (3), 23-40.

Domínguez, J. (2016). Enseñar y evaluar el pensamiento histórico. Didáctica de las ciencias sociales, geografía e historia. N. 82. p. 43- 49.

Dörnyei, Z. (2008). Estrategias de motivación en el aula de lenguas. UOC.

Fernández, M. A., Fernández, J. M., Serén, X. A., Mendoza Gurrea, I., & Palacios Alberti, A. M. (2016). Historia. Santillana.

Fernández, F. (2007). Unha vida entre peixe e salitre do mar da Arousa. Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial (4), 22-29.

Gardner, H. (1993). Estructuras de la mente: La teoría de las inteligencias múltiples (2ª ed. aumentada). Fondo de Cultura Económica.

Gutiérrez, M & Martínez, M. (2023). Memorias en conserva. Papel continuo.

Inega (2005). Estudo de optimización enerxética no sector conserveiro en Galicia. Xunta de Galicia.

La Vanguardia. (1932, 10 de diciembre). Los conflictos obreros planteados en España: La gravedad de la situación amenaza de perturbación del orden público medidas de las autoridades. La Vanguardia, p. 24

Lara, M. (s.f.). Nuevas rutas culturales: El patrimonio industrial visto desde el mar. Patrimonio industrial: pasado, presente y futuro. Universidad de A Coruña. pp. 243-256.

Legrand, L. (1993). Célestin Freinet, un creador comprometido al servicio de la escuela popular. *Perspectivas: revista trimestral de educación comparada*, 23(1-2), 425-441. UNESCO: Oficina Internacional de Educación.

López, M. (2020). Alfageme, unha fábrica con alma. En X. Carmona, X. R. Iglesias & M. López (Eds.), *Alfageme: Historia e memoria* (pp. 35-91). Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.

López, M. P. (2005). Limitaciones laborales a la mujer, 1885-1950. En L. Abreu Sernández (Ed.), *Evolución del papel de la mujer en la actividad económica de Vigo entre 1880 y 1950* (pp. 109-135). Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.

Marolla, J. P. (2016). La inclusión de las mujeres en la enseñanza de la historia y las ciencias sociales: Estudio colectivo de casos en las aulas chilenas sobre sus posibilidades y limitaciones. *UAB*. p. 43.

Martínez, R. (2021). La domesticidad en la primera etapa del franquismo en la Escuela Municipal de Artes y Oficios de Vigo. *Arenal*, 28 (2), 575-595.

Muñoz, L. (2010). Género, trabajo y niveles de vida en la industria conservera de Galicia, 1870-1970. Barcelona: Icaria.

Muñoz, L. (2012). Actividad femenina en industrias pesqueras de España y Portugal (1870- 1930). *N. 44*. p. 49-72.

Rodríguez Iglesias, F. (1997). Galicia, antropología. Hércules de ediciones.

Nora, P. (1984/2008). Entre memoria e historia: La problemática de los lugares(J. Rilla, Pról.). Ediciones Trilce.

Núñez, M. G. (1993). Evolución de la situación laboral de las mujeres en España durante la Segunda República (1931-1936). Cuadernos de Relaciones Laborales (3), 13-31.

Pérez-Fuentes, P. (2003). Ganadores de pan y amas de casa: Los límites del modelo de Male Breadwinner Family. Vizcaya, 1900-1965. En C. Sarasúa & L. Gálvez (Eds.), ¿Privilegios o eficiencia? Mujeres y hombres en los mercados de trabajo (pp. 217-239). Alicante: Publicaciones de la Universidad de Alicante.

Piérola, G. (2019). Discursode género y realidad cotidiana en la inmediata posguerra. ¿Ángel del hogar o deshonrada por la sociedad? Las huellas del franquismo: Pasado y presente. Universidad Pública de Granada, pp 676-695.

Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. (2016). Diagnóstico sobre la situación profesional de las mujeres en el oficio del marisqueo en España. Madrid: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

Losada, C. (2005). Ausencia y presencia femenina en la gestión empresarial, 1880-1910.

L. Abreu Sernández (Ed.), Evolución del papel de la mujer en la actividad económica de Vigo entre 1880 y 1950 (pp. 139-160). Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

Nielfa, G. (2003). Mujeres y hombres en la España franquista : sociedad, economía, política, cultura. Madrid: Complutense.

Rodríguez-Arocho, W. A. (1999). El legado de Vygotski y de Piaget a la educación. Revista Latinoamericana de Psicología, 31(3), 477-489.

Rodríguez, M. R. (2011). Los Alfageme. En X. Carmona Badía, Las familias de la conserva (pp 306-331). Vigo: Deputación de Pontevedra e ANFACO-CYTMA.

Romaní, A. e Caamaño, B. (1997). Mulleres do mar, o traballonas marxes. Tempos Novos (4), 30-37.

Torres, F. (2014). 25 empresas del Vigo de siempre. Cardeñoso. Torres, A. V. (2019). Técnicas y prácticas de dinámicas de grupo. UOC.

Varela, M.M; Surís, J.C.; Garza, D. & Iglesias, C. (2001). Galicia e o mar. Estudos da economía Pesqueira. Galaxia.

Vázquez, G. (2018, 4 de febrero). Cuando Massó se adelantó a las grandes mejoras laborales. La Voz de Galicia.

Velasco, J. A., & de González, L. A. (2008). Sobre la teoría de la educación dialógica. Educere, 12(42), 461-470.

Sereas do Mar. (n.d.). Recuperado de <https://sereasdomar.org/contacto/>
FUNPROMAR. (n.d.). Museo de la conserva. Recuperado de funpromar@anfaco.es



SEREAS
“as mulleres do mar”



Fundación Clúster de Conservación
de Productos del Mar

FUNDAMAR
Fundación para la Pesca y el Marisqueo



Deputación
Pontevedra